



O capitalismo non é democracia!

De pretendermos facer unha relación de todos os motivos para secundar esta folga, non teríamos espazo abondo neste voceiro, ante a colosal extensión da mancha da inxustiza e a desposesión. Apenas mencionaremos, nun incompleto inventario da infamia:

-No plano laboral, a masiva extensión do desemprego e a desprotección das persoas nesta situación; unha reforma laboral deseñada para reducir os salarios, aumentar os horarios de traballo e abaratar o despedimento até cantidades ridículas; o fin da vixencia dos convenios nuns meses, con consecuencias dramáticas nos soldos, condicións de traballo e contratación ou vacacións, entre outros asuntos; os saqueos salariais aos empregados públicos e a abertura da porta do despedimento coletivo na función pública; a emigración continua de milleiros de mozas e mozos como única opción; a continua destrución de explotacións gandeiras, o desmantelamento da flota, ou a insostíbel situación do naval, etc...

-No ámbito fiscal, todo son facilidades para os que ostentan fortunas insultantes, que apenas pagan impostos, e mesmo para os defraudadores, para os que se ideou unha amnistía, mentres aumentan impostos indirectos como o IVE. Ademais, rescatamos os bancos e salvamos a súa débeda privada por medio dos recursos públicos, para que a clase traballadora pague a inabarcábel factura dunha crise que non provocou.

-No que atinxe aos servizos públicos, asistimos a un recorte xeralizado que se traduciu na redución do número de ensinantes, a suba das taxas universitarias, ou o peche das pequenas escolas rurais; a progresiva privatización da sanidade, coa introdución do modelo de financiamento privado, a redución do orzamento en centos de millóns de euros e a imposición do copago farmacéutico, mesmo para os pensionistas; a retirada da tarxeta sanitaria aos traballadores de orixe inmigrante, e en xeral a entrega dos servizos públicos aos que o único que pretenden é tirar negocio deles.

-Os bancos botan das súas casas a uns 20 familias cada día, cando as súas contas foron salvadas tamén polos impostos dos expulsa-

dos, e que non tiveron problemas por vender produtos financeiros fraudulentos. Ao mesmo tempo que se condena á miseria aos que foron atrapados por un sistema legal tan manifestamente inxusto, o Estado aceptou crear un "banco malo" para evitar que a banca, que si era enteiramente responsábel do mero resultado da súa cobiza, non quebrase.

"As profundas transformacións do sistema de relación sociais e económicas non se impoñen con carácter transitorio, senón que pretenden ser irreversíbeis"

- Mentres todo isto acontece, no mesmo tempo no que os recortes aumentan en todos os ámbitos cruciais, á vez que se adelgaza un Estado que xa era escualído, o único gasto que aumenta é o destinado ao material antidisturbios, case un 2.000% no vindeiro ano. Trátade de todo un símbolo da crecente espiral de perda de liberdades e dereitos, de represión policial e

xudicial contra os que protestan -destinados a sentar cada vez con maior frecuencia no banquiño dos acusados- mentres os apodrecidos banqueiros, grandes empresarios, ou mesmo membros da monarquía, gozan dunha xustiza zurcida á súa medida.

Ninguén pode pensar que este sexa un presente digno, e moito menos o futuro polo que nos encamiñan a Europa do capital e os seus cómplices, cun previsíbel rescate e a imposición de medidas aínda máis duras desde a troika (FMI, BCE e Comisión Europa), por medio de procesos que non acatan nin os mínimos formalismos democráticos. Todos estes problemas commocionan diariamente á poboación, atacada sen cesar desde todas as fronteas, e sen embargo non existe aínda unha resposta popular á altura, adecuada para deter esta enxurrada involucionista. De feito, a burguesía e os gobernos capitalistas reforzan unha mensaxe hoxe aínda hexemónica, que non vence tanto por unha argumentación inviábel como por repetición: non existe alternativa posíbel, e todas as decisións que tomemos, malia que duras, representan a única opción que podía tomarse, tan inevitábel como a lei da gravidade.



>>

En efecto, este é un discurso contra o que é moi difícil combater, unha ideoloxía na que estamos enchoupados que ten detrás todos os poderes: se frecuentemente se afirma que nunha guerra a primeira vítima é a verdade, non deberíamos esquecer que xa vivimos nunha guerra -de clases- e que a crise foi a excusa perfecta para unha nova estratexia

devastador, cunha irracionalidade só dependente das ganacias, que representa unha violencia sistemática contra a maioría da poboación, un programa de metódica destrución do mundo.

Debemos aproveitar esta tétrica historia que vivimos todos os días para extraer leccións completamente diferentes das que nos ofrecen os grandes banqueiros, os gobernos ao seu servizo e os medios ao servizo de ambos. Neste sentido, temos que aproveitar a loita de masas para superar o desánimo, a resignación ou mesmo a desesperación instalada em amplios sectores sociais, e afirmar a confianza nas nosas propias capacidades. Esta folga non pode ser un acto ritual ou un evento puntual para unificar todas as loitas contra as medidas do goberno, senón un paso máis dentro dun ciclo de mobilización ascendente. Ten de ser a primeira de moitas mobilizacións, folgas e accións de masas que rematen por se dirixir á defensa dunha alternativa clara que defende o ben común da sociedade, no que o pobo, e non a patronal, é o dono do país, que implica a democracia verdadeira, onde se decide sobre todos os ámbitos da vida social e económica, e que ten o nome de comunismo.

“Esta folga non pode ser un acto ritual, debe ser un paso máis dentro dun ciclo de mobilización ascendente que eleve o nivel de conciencia”

Dada a nosa situación de dependencia nacional, de ausencia de soberanía política e económica, a clase traballadora galega só ten un marco plausible para derrubar e abando-

nar o capitalismo: un proceso de liberación nacional que culmine na construción dun Estado propio. No noso país existen xa as condicións obxectivas para o desenvolvemento dunha contraofensiva popular, mais non podemos ignorar que coexisten coas meirandes ameazas que poidamos imaxinar e cunha hexemonía aínda ampla dos nosos adversarios. Temos por diante un paciente, persistente e intenso traballo de mobilización e axitación para reforzar as nosas organizacións, a comezar polo sindicalismo nacionalista, para aglutinar e organizar máis clase traballadora. En definitiva, para elevar o nivel de conciencia e convulsionar a relación de forzas, no marco dun inevitábel combate coas clases dominantes, no que teremos que impulsar toda a intelixencia, entusiasmo e forza da clase traballadora galega. Esta dura tarefa será tamén o noso mellor contributo á imprescindible sublevación de todos os pobos de Europa e do mundo.

“As malchamadas “políticas de austeridade” cumpren o seu obxectivo: reforzaren o dominio das oligarquías por medio do noso empobrecemento”

baseada na aceleración de movementos. En contra da opinión dominante, afirmamos que as malchamadas “políticas de austeridade”, aplicadas primeiro polo PSOE e despois polo PP, non están a fallar, senón que están a cumprir o seu obxectivo á perfección. O seu propósito, en contra do que afirma o celofán, non é “sacarnos da crise”, senón reforzar o dominio das oligarquías dominantes, por medio do empobrecemento masivo. Fronte ao tópico que sostén que os Estados fican sen recursos e os gobernos están obrigados a administrar menos, érguese a realidade oprobiosa das grandes fortunas, os beneficios empresariais e da banca, libres da obriga de financiar as políticas públicas. Ademais, as profundas transformacións que xa está a padecer o noso sistema de relacións sociais e económicas, e o deterioro xeralizado das condicións de vida e traballo, non se impoñen coa intención de ter unha duración limitada a un breve prazo de recesión, senón que pretenden ser irreversíbeis.

Con estas premisas, non podemos aspirar apenas a parches que rematen por pontalear o sistema capitalista, nin moito menos propoñer unha reedición de pactos sociais que son tamén responsábeis de levarnos até aquí. Esta situación demostráanos a falsidade do carácter democrático deste modelo, onde unha ínfima minoría exerce un saqueo



**MOVIMENTO
GALEGO AO
SOCIALISMO**

Avenida de Castelao nº30, baixo
15704 - Compostela

www.mgs-galiza.org
nacional@mgs-galiza.org